

20636 *LEI ORGÁNICA 15/2007, do 30 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal en materia de seguranza viaria.* («BOE» 288, do 1-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

Entre as resolucións aprobadas como consecuencia do debate sobre o Estado da Nación de 2006 inclúese a número dezanove, na cal se declara, entre outros aspectos, que o Congreso dos Deputados considera oportuno impulsar a modificación do Código penal, tendo en conta as distintas propostas que se están a estudar na Comisión de Seguranza Viaria do Congreso dos Deputados, co obxectivo de definir con maior rigor todos os delitos contra a seguranza do tráfico e os relacionados coa seguranza viaria, evitando que determinadas condutas cualificadas como de violencia viaria poidan quedar impunes.

A reforma sobre os delitos contra a seguranza viaria conta cun amplo consenso dos grupos parlamentarios acerca das propostas formuladas ante a Comisión sobre Seguranza Viaria. Por iso, preséntase esta proposición de lei orgánica de reforma do Código penal en materia de seguranza viaria, cuxo contido básico persegue, dunha parte, incrementar o control sobre o risco tolerable pola vía da expresa previsión de excesos de velocidade que se deberán ter por perigosos ou de niveis de inxesta alcohólica que deban merecer a mesma consideración. A partir desa estimación de fonte de perigo regúlanse diferentes graos de conduta inxusta, trazando un arco que vai desde o perigo abstracto ata o perceptible desprezo pola vida dos demais, como xa viña facendo o Código. As penas e consecuencias incrementáanse notablemente, en especial, no concernente á privación do permiso de conducir, e a iso engádese a non menos severa posibilidade de considerar instrumento do delito o vehículo de motor ou ciclomotor para dispoñer o seu comiso.

Ao igual que sucede no dereito vixente, ofrécese unha específica regra para salvar o concurso de normas cando se ocasione, ademais do risco previsto, un resultado lesivo. En tal caso apreciarase tan só a infracción máis gravemente penada, aplicando a pena nasúa metade superior e condenando, en todo caso, ao resarcimento da responsabilidade civil que se orixinase. A negativa a someterse ás probas legalmente establecidas para detectar o grao de alcoholemia ou de impregnación tóxica, en cambio, perde o seu innecesario cualificativo de delito de desobediencia e pasa a ser autonomamente castigada.

Unha criticada ausencia era a condución de vehículos por aqueles que foron privados, xudicial ou administrativamente, do dereito a facelo por perda de vixencia do permiso. Certo que algúns casos se poderían ter como delitos de quebrantamento de condena ou de desobediencia, pero non todos; por iso se considerou máis áxil e preciso reunir todas esas situacións posibles nun só precepto sancionador.

A creación do Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas, ademais da práctica da delegación cunha casuística moi variada, así como a necesidade de acurtar os prazos de tramitación das sancións, sen mingua das garantías do sancionado, urxe que se leve a cabo unha modificación do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre

tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria.

A modificación que se propón leva consigo a supresión do parágrafo terceiro da disposición adicional cuarta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que é a que lles atribúe aos delegados e subdelegados do Goberno a competencia para sancionar as infraccións previstas na Lei de seguranza viaria.

A modificación da Lei de seguranza viaria refírese ao artigo 68 sobre competencias, para lles atribuír a competencia sancionadora aos xefes de Tráfico, prevendo de xeito expreso a posibilidade de que estes deleguen no director do Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas nas infraccións detectadas a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Como consecuencia da modificación anterior, modifícase tamén o artigo 80, sobre recursos, xa que, coa nova atribución da competencia, o director xeral de Tráfico é o competente para resolver o recurso de alzada contra as resolucións sancionadoras dos xefes de Tráfico ou do director do centro; así como o artigo 82, sobre anotación e cancelación, para que a anotación das sancións firmes graves e moi graves no Rexistro de condutores e infractores a faga o órgano competente da Xefatura Central de Tráfico, nuns casos, a xefatura de tráfico instrutora do procedemento e, noutros, o propio centro.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Primeiro. Engádeselle un último parágrafo ao artigo 47, coa seguinte redacción:

«Cando a pena imposta o for por un tempo superior a dous anos comportará a perda de vixencia do permiso ou licenza que habilite para a condución ou a tenza e porte, respectivamente.»

Segundo. Modifícase a rúbrica do capítulo IV, do título XVII, do libro II, que terá a seguinte redacción:

«Dos delitos contra a seguranza viaria».

Terceiro. Modifícase o artigo 379, que queda redactado como segue:

«1. O que conducir un vehículo de motor ou un ciclomotor a velocidade superior en sesenta quilómetros por hora en vía urbana ou en oitenta quilómetros por hora en vía interurbana á permitida regulamentariamente, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou con de multa de seis a doce meses e traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días, e, en calquera caso, coa de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.

2. Coas mesmas penas será castigado o que conducir un vehículo de motor ou ciclomotor baixo a influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou de bebidas alcohólicas. En todo caso será condenado coas devanditas penas o que conducir cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,60 miligramos por litro ou cunha taxa de alcohol en sangue superior a 1,2 gramos por litro.»

Cuarto. Modifícase o artigo 380, que queda redactado como segue:

«1. O que conducir un vehículo de motor ou un ciclomotor con temeridade manifesta e puxer en concreto perigo a vida ou a integridade das persoas será castigado coas penas de prisión de seis meses

a dous anos e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata seis anos.

2. Para os efectos deste precepto reputarase manifestamente temeraria a conducción na cal concorreren as circunstancias previstas no punto primeiro e no inciso segundo do punto segundo do artigo anterior.»

Quinto. Modifícase o artigo 381, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coas penas de prisión de dous a cinco anos, multa de doce a vinte e catro meses e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores durante un período de seis a dez anos o que, con manifesto desprezo pola vida dos demais, realizase a conduta descrita no artigo anterior.

2. Cando non se puxer en concreto perigo a vida ou a integridade das persoas, as penas serán de prisión de un a dous anos, multa de seis a doce meses e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores polo tempo previsto no parágrafo anterior.

3. O vehículo de motor ou ciclomotor utilizado nos feitos previstos neste precepto considerárase instrumento do delito para os efectos do artigo 127 deste código.»

Sexto. Modifícase o artigo 382, que queda redactado como segue:

«Cando cos actos sancionados nos artigos 379, 380 e 381 se ocasionar, ademais do risco previsto, un resultado lesivo constitutivo de delito, calquera que sexa a súa gravidade, os xuíces ou tribunais apreciarán tan só a infracción máis gravemente penada, aplicando a pena na súa metade superior e condenando, en todo caso, ao resarcimento da responsabilidade civil que a orixinase.»

Sétimo. Modifícase o artigo 383, que queda redactado como segue:

«O condutor que, requirido por un axente da autoridade, se negar a someterse ás probas legalmente establecidas para a comprobación das taxas de alcoholemia e a presenza das drogas tóxicas, estupeficientes e substancias psicotrópicas a que se refiren os artigos anteriores, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.»

Oitavo. Modifícase o artigo 384, que queda redactado como segue:

«O que conducir un vehículo de motor ou ciclomotor nos casos de perda de vixencia do permiso ou licenza por perda total dos puntos asignados legalmente será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou coa de multa de doce a vinte e catro meses e traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a noventa días.

As mesmas penas se lle imporán a aquel que realizar a conducción tras ser privado preventiva ou definitivamente do permiso ou licenza por decisión xudicial e ao que conducir un vehículo de motor ou ciclomotor sen ter obtido nunca permiso ou licenza de conducción.»

Noveno. Modifícase o artigo 385, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou coa multa de doce a vinte e

catro meses e traballos en beneficio da comunidade de dez a corenta días o que orixinar un grave risco para a circulación dalgunha das seguintes formas:

1.^a Colocando na vía obstáculos imprevisibles, derramando substancias esvaradías ou inflamables ou mudando, subtraendo ou anulando a sinalización ou por calquera outro medio.

2.^a Non restablecendo a seguranza da vía, cando haxa obriga de facelo.»

Disposición adicional. *Revisión da sinalización viaria e da normativa reguladora dos límites de velocidade.*

O Goberno impulsará, de acordo coas administracións competentes, unha revisión da sinalización viaria e da normativa reguladora dos límites de velocidade, para adecuar estes ás exixencias derivadas dunha maior seguranza viaria.

Disposición transitoria primeira. *Lexislación aplicable.*

1. Os delitos e faltas cometidos ata o día da entrada en vigor desta lei xulgaranse conforme a lexislación penal vixente no momento da súa comisión. Malia o anterior, aplicarase esta lei, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o reo, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor.

2. Para a determinación de cal é a lei máis favorable terase en conta a pena que lle correspondería ao feito axuzado coa aplicación das normas completas do código actual e da reforma contida nesta lei.

3. En todo caso será oído o reo.

Disposición transitoria segunda. *Revisión de sentenzas.*

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito das competencias que lle atribúe o artigo 98 da Lei orgánica do poder xudicial, poderalles asignar a un ou a varios dos xulgados do Penal ou seccións das audiencias provinciais dedicados en réxime de exclusividade á execución de sentenzas penais a revisión das sentenzas firmes ditadas antes da vixencia desta lei.

Os devanditos xuíces ou tribunais procederán a revisar as sentenzas firmes e nas cales o penado estea a cumprir efectivamente a pena, aplicando a disposición máis favorable considerada taxativamente e non polo exercicio do arbitrio xudicial. Nas penas privativas de liberdade non se considerará máis favorable esta lei cando a duración da pena anterior imposta ao feito coas súas circunstancias sexa tamén imponible conforme esta reforma do código. Exceptúase o suposto en que esta lei conteña para o mesmo feito a previsión alternativa dunha pena non privativa de liberdade; en tal caso, deberase revisar a sentenza.

2. Non se revisarán as sentenzas en que o cumprimento da pena estea suspendido, sen prexuízo de facelo en caso de que se revogue a suspensión e antes de proceder ao cumprimento efectivo da pena suspendida.

Igual regra se aplicará se o penado se encontra en período de liberdade condicional.

Tampouco se revisarán as sentenzas en que, conforme a redacción anterior dos artigos do código e conforme esta reforma, corresponda, exclusivamente, pena de multa.

3. Non serán revisadas as sentenzas en que a pena estea executada ou suspendida, aínda que se atopen pendentes de executar outros pronunciamentos da resolución, así como as xa totalmente executadas, sen prexuízo de que o xuíz ou tribunal que no futuro puidese telas en conta para os efectos de reincidencia deba examinar pre-

viamente se o feito nelas penado deixou de ser delito ou podería corresponderlle unha pena menor da imposta no seu día, conforme esta lei.

4. Nos supostos de indulto parcial, non se revisarán as sentenzas cando a pena resultante que estea cumprindo o condenado se encontre comprendida no marco imponible inferior respecto a esta lei.

Disposición transitoria terceira. *Regras de invocación da normativa aplicable en materia de recursos.*

Nas sentenzas ditadas conforme a lexislación que se derroga e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, observaranse as seguintes regras:

a) Se se tratar dun recurso de apelación, as partes poderán invocar e o xuíz ou tribunal aplicará de oficio os preceptos da nova lei, cando resulten máis favorables ao reo.

b) Se se tratar dun recurso de casación, aínda non formalizado, o recorrente poderá sinalar as infraccións legais baseándose nos preceptos da nova lei.

c) Se, interposto recurso de casación, se estivese tramitando, pasarase de novo ao recorrente, de oficio ou por instancia de parte, polo termo de oito días, para que adapte, se o xulga procedente, os motivos de casación alegados aos preceptos da nova lei, e do recurso así modificado serán instruídas as partes interesadas, o fiscal e o maxistrado relator, continuando a tramitación conforme dereito.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o parágrafo terceiro da disposición adicional cuarta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira primeira. *Reforma do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria.*

Un. O artigo 68 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 68. *Competencias.*

1. A competencia para sancionar as infraccións do disposto nesta lei correspóndelle ao xefe de Tráfico da provincia en que se cometese o feito. Se se tratar de infraccións cometidas no territorio de máis dunha provincia, a competencia para a súa sanción corresponderalle, de ser o caso, ao xefe de Tráfico da provincia en que a infracción fose primeiramente denunciada.

2. Os xefes provinciais poderán delegar esta competencia na medida e extensión que consideren conveniente. En particular, poderán delegar no director do Centro de Tratamento de Denuncias Automatizadas a das infraccións que fosen detectadas a través de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

3. Nas comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, serán competentes para sancionar os órganos designados polos seus respectivos consellos de goberno.

4. A sanción por infracción de normas de circulación cometida en vías urbanas corresponderalles aos respectivos alcaldes, os cales poderán delegar esta facultade de acordo coa lexislación aplicable.

5. Os xefes provinciais de Tráfico e os órganos competentes que correspondan, en caso de comuni-

dades autónomas que teñan transferidas as competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, asumirán a competencia dos alcaldes cando, por razóns xustificadas ou por insuficiencia dos servizos municipais, non poida ser exercida por estes.

6. As competencias municipais non comprenden as infraccións dos preceptos do título IV desta lei nin as cometidas en travesías mentres non teñan o carácter de vías urbanas.

7. Nos casos previstos en todos os puntos anteriores deste artigo, a competencia para imponer a suspensión do permiso ou licenza de condución correspóndelle ao xefe provincial de Tráfico.

8. A competencia para sancionar as infraccións a que se refire o artigo 52 desta lei corresponderalle, en todo caso, ao director xeral de Tráfico ou ao seu correspondente nas comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, limitada ao ámbito xeográfico da comunidade autónoma.

9. Nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla, as competencias que nos puntos anteriores se lles atribúen aos xefes provinciais de Tráfico, corresponderánlles aos xefes locais de Tráfico.»

Dous. O artigo 80 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 80. *Recursos.*

1. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores que sexan competencia dos xefes provinciais e locais de Tráfico poderase interpor, dentro do prazo dun mes, recurso de alzada ante o director xeral de Tráfico.

As resolucións dos recursos de alzada serán impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos previstos na súa lei reguladora.

Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, quedando expedida a vía contencioso-administrativa.

2. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores ditadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como as ditadas polos alcaldes, no caso das entidades locais, observarase o establecido na normativa correspondente.»

Tres. O artigo 82 do Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e segurancia viaria queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 82. *Anotación e cancelación.*

As sancións graves e moi graves, unha vez que sexan firmes en vía administrativa, serán anotadas polo órgano competente da Xefatura Central de Tráfico que instrúe o procedemento, no Rexistro de condutores e infractores, o día da súa firmeza. Cando as devanditas sancións sexan impostas polos alcaldes ou pola autoridade competente das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, comunicaranse, para a súa anotación no rexistro referido, no prazo de quince días seguintes ao da súa firmeza.

As autoridades xudiciais comunicaranlle á Dirección Xeneral de Tráfico, no prazo de quince días seguintes ao da súa firmeza, as sentenzas que condenen á privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, para os efectos da súa anotación no referido rexistro.

As anotacións cancelaranse de oficio, para os efectos de antecedentes, unha vez transcorridos tres anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.»

Disposición derradeira segunda. *Natureza da lei.*

Teñen o carácter de lei orgánica todos os preceptos desta lei, agás a disposición adicional, a disposición derogatoria única e a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o parágrafo segundo do artigo 384 do Código penal, recollido no punto oitavo do artigo único desta lei, que entrará en vigor o 1 de maio de 2008.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20724 *ORDE EHA/3505/2007, do 20 de novembro, pola que se fixan limiares relativos ás estatísticas de intercambio de bens entre Estados membros da Unión Europea para o ano 2008.* («BOE» 289, do 3-12-2007.)

O artigo 10 do Regulamento (CE) número 638/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) número 3330/91 do Consello, faculta os Estados membros para aplicar medidas de simplificación permitindo que estes establezan «limiares de exención e limiares de simplificación», expresados en valores anuais de comercio intracomunitario para cada un dos fluxos, por debaixo dos cales os responsables da subministración da información estarán exentos de facilitar información intrastat ou poderán facilitar información simplificada.

Do mesmo xeito, o artigo 13 do Regulamento (CE) número 1982/2004 da Comisión, do 18 de novembro de 2004, polo que se aplica o Regulamento CE número 638/2004, no referente aos «limiares estatísticos», atribúelles aos Estados membros a facultade de determinar, de confor-

midade coas normas de cálculo previstas ao respecto, os valores dos mencionados limiares.

Así mesmo, o artigo 8.2 do mencionado regulamento establece que se poderá recoller a información correspondente ao valor estatístico dos intercambios realizados da parte dos subministradores de información, cuxos intercambios ascendan a un máximo do 70% do total de intercambios do Estado membro correspondente expresados en valor. Por esta razón, incorpóranse á orde os «limiares estatísticos» por debaixo dos cales se exige da obriga de consignar o valor estatístico na declaración.

Encomendada á Axencia Estatal de Administración Tributaria, do Ministerio de Economía e Facenda, polo Real decreto 1911/2004, do 17 de setembro, de aprobación do Plan Estatístico Nacional 2005-2008, e dentro daquela, pola Orde do Ministerio da Presidencia do 11 de xullo de 1997, pola que se reorganizan os servizos centrais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais, a elaboración e análise das estatísticas do comercio exterior e do intercambio de bens entre Estados membros, resulta procedente adoptar as medidas conducentes á mellor consecución do fin asignado.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Limiares de exención.*

Os limiares de exención, de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) número 638/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros e polo que se derroga o Regulamento (CEE) número 3330/1991 do Consello, quedan fixados para o ano 2008 nos seguintes importes:

1. Introducións na Península e Baleares de mercadorías procedentes doutros Estados membros da Unión Europea: 250.000 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

2. Expedicións desde a Península e Baleares de mercadorías con destino a outros Estados membros da Unión Europea: 250.000 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

Artigo 2. *Limiares estatísticos.*

Os «limiares estatísticos», de acordo co establecido no artigo 8 do Regulamento (CE) número 1982/2004 da Comisión, do 18 de novembro de 2004, polo que se aplica o Regulamento (CE) número 638/2004, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros e se derroga o Regulamento (CE) número 1901/2000, do 7 de setembro de 1999, e (CEE) número 3590/92, do 11 de decembro de 1992, en canto á obriga de consignación na declaración do «valor estatístico», quedan fixados para o ano 2008 nos seguintes importes:

1. Introducións na Península e Baleares de mercadorías procedentes doutros Estados membros da Unión Europea: 6.000.000 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

2. Expedicións desde a Península e Baleares de mercadorías con destino a outros Estados membros da Unión Europea: 6.000.000 euros de importe facturado acumulado no exercicio precedente ou no corrente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008.

Madrid, 20 de novembro de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.